

## Tecnoloxía

# “Charlas de Ciencia”: a Fundación Barrié trouxo a Monforte a tecnoloxía que nos facilita a vida



Leonor Parcerro, responsable de comunicación do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, durante a “Charla de Ciencias” da Fundación Barrié, impartida en xaneiro no IES A Pinguela de Monforte.

O IES A Pinguela de Monforte acolleu unha charla de Ciencias, organizada pola Fundación Barrié. “Charlas de Ciencia” é un ciclo de encontros de orientación didáctica e complementaria co currículo escolar dos centros, que o pasado curso contou coa participación de preto de 150 alumnos de ESO e Bacharelato de toda Galicia.

Segundo informaron dende o IES A Pinguela, a Charla de Ciencias impartida recentemente neste centro estivo a cargo de Leonor Parcerro, responsable de comunicación de Gradient (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia). Parcerro falou sobre “a tecnoloxía que axuda a vivir: solucións especiais para persoas especiais”, a que nos pode facer a vida máis fácil e aquelas solucións para persoas con necesidades especiais.

### INFORMÁTICA PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA

Dende o instituto, informaron de que Parcerro realizou demostracións de ferramentas, moitas de posible descarga gratuita en internet, para intercomunicar coa rede por medio da mente ou de pequenos movementos faciais, co obxectivo de mostrar as posibilidades da tecnoloxía e da informática para mellorar o nivel de vida de moita xente.

Este ciclo de “Charlas de Ciencia” enmárcase dentro de “educabarié”, o canal educativo da Fundación Barrié que pretende converterse nun laboratorio en rede de experiencias educativas innovadoras, e que aglutina a oferta educativa das áreas de actuación da Fundación: Patrimonio e Cultura, Educación e Investigación, e Servizos Sociais.